

## BASES COMPETICIÓN PLAY OFF CADETE MASCULINA

- **EQUIPOS PARTICIPANTES:**

Os equipos participantes nos Play Off serán os mesmos que na Copa Galicia, agás os seguintes equipos: “Cisne Colegio Los Sauces B”, “Clíniza Deza Lalín”, “Grupo Lemaco Xiria B” e “SAR B”.

Estes equipos renuncian á súa participación, xa que presentan outro equipo neste Play Off.

EQUIPOS PARTICIPANTES PLAY OFF			
1	SAR A	14	Xestaservi Bm Cañiza
2	Iberconsa Reconquista de Vigo A	15	Gasoleos Rivera Carballiño
3	UPI Informática Lalín	16	Balonmán Chapela
4	Bm. Porriño	17	SD Teucro A
5	Pizzería Baratto Luceros	18	Gas Abegondo
6	Grupo Lemaco Xiria A	19	OAR Ciudad
7	AD Carballal	20	Carnes do Ribeiro Ourense P. Ter.
8	Cisne Colegio Los Sauces A	21	Tecfrisa Rasoeiro Bm
9	Acanor At. Novás	22	Iberconsa Reconquista de Vigo B
10	Bm. Rodeiro Cogal	23	Bm. Culleredo Climanosa
11	Bm. Culleredo Construpereiro	24	Bueu Atl. Balonmán
12	C Bm. Atlántico	25	Talleres Lontreira Bm Cangas
13	UB Lavadores Vigo	26	Seis do Nadal - Coia

Os equipos en verde son os cabeza de serie, resultantes da clasificación da Fase de Grupos de Copa Galicia (clasificados para oitavos de final, diferenciando primeiros e segundos de grupo).

- **FORMATO DE COMPETICIÓN E DATAS:**

Os vinteseis equipos se dividen en oito grupos distribuídos do seguinte xeito:

- ✓ 2 grupos de 4 equipos
- ✓ 6 grupos de 3 equipos

O formato de competición será tipo sector, enfrontándose todos contra todos a unha soa volta e nunha mesma sede.

- Datas Play Off: 8, 9 e 10 de Outubro de 2021.
- Enfrontamentos:

Os enfrontamentos levaranse a cabo do seguinte xeito:

XORNADA 1	XORNADA 2	XORNADA 3
08/10/2021	09/10/2021	10/10/2021
1-3	4-3	3-2
4-2	2-1	1-4

- Horarios:  
O equipo organizador poderá establecer os horarios sempre e cando se respecten as seguintes premisas:
  - ✓ O 08/10/2021, os equipos que se atopen a máis de 100 km. de distancia non poderán xogar antes das 19:00 horas.
  - ✓ O 09/10/2021 e o 10/10/2021 os equipos que se atopen a máis de 100 km. de distancia non poderán xogar antes das 10:30 horas.
  - ✓ Os dous encontros de cada xornada deberán disputarse de xeito contiguo, é dicir, un despois doutro.
  - ✓ Calquera destas premisas poderá ser anulada por acordo escrito de todos os equipos implicados no grupo de Play Off.

- **GRUPOS:**

Os grupos resultantes do sorteo foron:

GRUPO 1	
1	UPI Informática Lalín
2	Bm. Rodeiro Cogal
3	Tecfrisa Rasoeiro Bm
4	Talleres Lontreira Bm Cangas

GRUPO 2	
1	Cisne Colegio Los Sauces A
2	Bm. Culleredo Construpereiro
3	Seis do Nadal - Coia
4	Bueu Atl. Balonmán

GRUPO 3	
1	Bm. Porriño
2	Gasoleos Rivera Carballiño
3	Iberconsa Reconquista de Vigo B

GRUPO 4	
1	SAR A
2	UB Lavadores Vigo
3	OAR Ciudad

GRUPO 5	
1	AD Carballal
2	Club Bm. Atlántico
3	Bm. Culleredo Climanosa

GRUPO 6	
1	Grupo Lemaco Xiria A
2	Acanor At. Novás
3	Balonmán Chapela

GRUPO 7	
1	Pizzería Baratto Luceros
2	Xestaservi Bm Cañiza
3	Gas Abegondo

GRUPO 8	
1	Iberconsa Reconquista de Vigo A
2	Carnes do Ribeiro Ourense P. Ter.
3	SD Teucro A

- **SEDES:**

Terán preferencia coma organizadores os cabezas de serie (primeiros na Fase de Grupos de Copa Galicia), se algún equipo quere renunciar á organización deberá comunicalo **antes do 4 de outubro ás 12:00 horas**, enviando un e-mail a [competicions@fgbalonman.com](mailto:competicions@fgbalonman.com). En caso de renuncias, os dereitos de organización seguirán a orde de cada un dos grupos do sorteo dos Play Off.

En caso de renunciar á organización fora de prazo, o incumprimento do prazo será trasladado ao Comité de Competición da FGBm.

- **EQUIPOS CLASIFICADOS PARA LIGA OURO:**

Os primeiros clasificados de cada grupo e os catro mellores segundos ao remate do Play Off, acadarán os dereitos deportivos para a participación na Liga Ouro 21-22; mentres que o resto de equipos pasarán á Liga Prata 21-22.

Ao non ter todos os grupos o mesmo número de equipos, para a determinación dos mellores segundos clasificados, seguirase o “Criterio FGBm” aprobado en asemblea:

**COMO DETERMINAR OS MELLORES SEGUNDOS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS:** Eliminarase o resultado co 4º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.

En caso de que dous equipos do mesmo club (Reconquista de Vigo e Bm. Culleredo) se clasifiquen dentro dos postos que dan dereito a xogar na Liga Ouro 21-22, tan só un equipo por club poderá participar na mesma; previamente á disputa dos Play Off estes clubs, escolleron aos seguintes equipos para participar na Liga Ouro de darse esta circunstancia:

- ✓ Bm Culleredo: Bm Culleredo Construpereiro
- ✓ Bm. Reconquista de Vigo: Iberconsa Reconquista de Vigo “A”

Neste caso, as prazas vacantes outorgaríanse seguindo a clasificación co criterio FGBm.

- **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS:**

Todas as cuestións que non se atopen recollidas nestas bases, serán reguladas pola normativa vixente da FGBm e no Regulamento de Partidos e Competicións da RFEBM.